



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

11 ABR. 2024 17:48:11

Entrada **20588**

Sobre o Regulamento que desenvolve o Fondo de Compensación para as Vítimas do Amianto

Competencia
Subcompetencia
Tipo Expediente

Competencias de la Cámara
Control e información
161-Proposición no de Ley en
Comisión.

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Portavoz adjunto



Á MESA DO CONGRESO

O GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, a instancia do deputado do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG), NÉSTOR REGO CANDAMIL, ao abeiro do disposto no artigo 193 e seguintes do vixente Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PROPOSICIÓN NON DE LEI sobre posta en funcionamento do Regulamento do Fondo de Compensación das Vítimas do Amianto e a necesaria modificación da proposta feita pública polo Goberno** para o seu debate na **COMISIÓN DE TRABALLO, ECONOMÍA SOCIAL, INCLUSIÓN, SEGURIDADE SOCIAL E MIGRACIÓNS**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 21/2022, de 19 de outubro, de creación dun Fondo de Compensación para as Vítimas do Amianto prevé na súa Disposición Adicional Única a aprobación dun regulamento de desenvolvemento no prazo de tres meses desde a publicación da norma, feito que tivo lugar o 20 de outubro de 2022.

Está, polo tanto, a punto de cumprirse un ano e medio desde a publicación da Lei mais o Regulamento aínda non existe. Para o BNG resulta inxustificábel unha demora semellante que, ademais, vén a engadirse a un proceso lexislativo artificiosamente prolongado atrasando cada un dos sucesivos trámites. Temos que lembrar que o proxecto de lei foi tomado en consideración por segunda vez no Congreso dos deputados o 13 de abril do ano 2021 e que o período para a presentación de emendas en comisión foi prorrogado nada menos que 20 veces pola Mesa do Congreso da anterior lexislatura, antes da aprobación final da Lei.



Fai uns meses, aínda na XIV lexislatura, o Goberno fixo público un borrador ou proposta de Regulamento que, aínda que necesario e urxente, de aprobarse en eses termos o Fondo de compensación quedaría moi lonxe de cumprir os obxectivos e as expectativas de todas as entidades, sindicatos e partidos políticos que temos defendido a súa creación, unha demanda que nace con un espírito e uns obxectivos moi determinados, así como tamén, cunhas referencias internacionais tamén moi claras.

Desde o BNG temos analizado a proposta de Regulamento elaborada polo Goberno estatal, realizando consultas con diferentes persoas expertas na materia, así como coa asociación AGAVIDA e o sindicato CIG. O resultado deste traballo é unha serie de propostas para modificar o borrador de Regulamento que consideramos mellorarían a norma notabelmente e que deberan de contar co respaldo do conxunto de forzas políticas para lograr unha norma que realmente atenda ao conxunto das vítimas do amianto.

En primeiro lugar, no artigo 2 establécese a natureza xurídica da compensación, porén, este precepto non supón que se considere exenta de tributación, cuestión que precisaría da modificación da normativa tributaria para o que é necesaria unha norma con rango de lei.

Ademais, neste mesmo artigo prevese a percepción por unha soa vez da compensación do Fondo polos danos producidos sobre a saúde, unha cuestión que volve reiterarse no artigo 3.3. Este é, ao noso xuízo, un dos grandes problemas do borrador, pois a enfermidade evoluciona e debería preverse, explicitamente, a posibilidade de poder percibir diferentes indemnizacións para cada patoloxía, e mesmo, para o caso dos herdeiros, por exemplo, prever outros feitos susceptibles de seren indemnizados como o dano moral e a perda de rendas que se producen co falecemento do familiar enfermo. É máis, neste sentido as sentenzas xudiciais son claras e abalan esta tese.

O artigo 3.1.b) da proposta de Regulamento establece que o período de cómputo dos anos de prescrición (tamén no artigo 4) comece a contar desde a data do auto de insolvencia, criterio que pode deixar fóra do ámbito do fondo a moitas persoas. Entendemos que sería máis lóxico e, desde logo beneficioso,



que o prazo para reclamar ante o fondo comece a contar coa efectiva entrada en funcionamento do mecanismo, momento en que será realmente posíbel que unha persoa presente a solicitude.

Así mesmo, este artigo 3 nos seus apartados a) e b) limita o acceso ao fondo a aquelas persoas que xa dispoñen dun recoñecemento administrativo ou xudicial dunha pensión polas patoloxías recollidas no Anexo I ou dunha indemnización polas mesmas patoloxías que non puidese ser executada. Polo tanto, o apartado c) sería a única porta de acceso ao Fondo para o resto de persoas que non contén con ese recoñecemento. O problema principal é que neste caso non se fai referencia ao conxunto das patoloxías do anexo, senón que se limita aos casos de mesotelioma ou asbestose cunha repercusión moderada ou severa. Non consideramos que exista xustificación algunha para establecer unha relación de patoloxías máis restritiva que as dos supostos a) e b), máis cando a relación recollida no anexo xa é de por si restritiva e debera ser ampliada.

O apartado c) tamén obriga a que a persoa traballadora conste previamente inscrita no RETEA (Rexistro de Traballadores/as Expostos ao Amianto) ou outro equivalente, requisito que tamén é sumamente restritivo e que deixaría fóra, por exemplo, a todo o persoal das compañías auxiliares de Navantia, da mariña mercante, exército, persoas funcionarias ou autónomas. Pensemos, por exemplo e a título ilustrativo, do recente caso dun funcionario do Concello de Ortigueira que conseguiu o recoñecemento xudicial da orixe laboral da súa doenza coa correspondente indemnización, ao demostrar a súa exposición ao amianto nas numerosas obras en tellados nas que practicou, reiteradamente, operacións de corte de uralitas.

A orixe laboral da doenza debe poder acreditarse de outros xeitos, cando menos por aqueles que están a ser aceptados nos procesos xudiciais, actividades recollidas no cadro de enfermidades profesionais, testemuñas, etc. Non fai sentido facer como se non existise na altura unha abondosa xurisprudencia a este respecto nos Tribunais Superiores de Xustiza.



No relativo ao procedemento e estrutura administrativa sería necesario promover unha estrutura descentralizada e especializada para asegurar unha atención adecuada ás persoas vítimas do amianto. Nesta liña consideramos oportuna a creación de organismos de valoración propios e diferentes dos EVIs no artigo 6. O feito de que sexan as consellarías as que deban emitir unha certificación vai tamén nesta liña, porén, a continuación, volve a centralizarse o procedemento remitindo todo á Dirección Xeral do INSS. Parece que o borrador se inspire no funcionamento do FOGASA para, por exemplo, topar as compensacións impedindo a asunción das cantidades declaradas xudicialmente, mais pola contra establece unha estrutura moito máis centralizada que este, pois o FOGASA conta con unidades periféricas provinciais que son as que resolven as solicitudes.

Pola súa parte, o artigo 10 reitera que, no caso de sufrir varias patoloxías, se indemnizará só unha, aplicando para iso o baremo da de maior gravidade. Isto resulta extremadamente grave e evidencia unha gran ignorancia sobre a realidade da enfermidade, das súas consecuencias familiares e sociais, así como do importante histórico de resolucións xudiciais a este respecto.

Ademais, no artigo 11.3 remítese a impugnación das resolucións ao ámbito administrativo e, polo tanto, á xurisdición contencioso administrativa, o que non se sostén, pois entendemos que as reclamacións neste materia deberan manterse no ámbito do social, máis cando as sentencias declarativas de indemnizacións seguirán a darse na xurisdición social.

O máis seguro é que as persoas que accedan ao fondo pola vía do artigo 1 apartado a) ou b) non teñan máis problemas que os derivados da correcta realización dos trámites, mais aquelas que o fagan a través do apartado c) si que teñen moitas posibilidades de encontrar problemas de fondo, pode ser, por exemplo, habitual que non se lles recoñeza a orixe laboral da doenza que padecen en calquera dos puntos da tramitación, é dicir, tanto na resolución final como nunha fase anterior, decisión que debe ser recorrida. O lóxico é manter sobre estas cuestións a xurisdición social pois a contencioso administrativa é completamente allea á problemática da que debera entrar a



coñecer. Deberíase manter unha fórmula semellante á do FOGASA, en que as resolucións son impugnadas tamén ante a xurisdición do social.

Así mesmo, parécenos absolutamente inaceptábel o proposto no artigo 12 que establece topes ás indemnizacións declaradas xudicialmente e consideramos que non se poden reducir as cantidades establecidas en concepto de responsabilidade civil por danos contra a saúde das persoas. Moito mais se entramos a valorar o retraso ou tardanza das administracións en esta materia, primeiro para prohibir o uso e establecer normas de seguridade na manipulación ou pola falta de actividade inspectora e agora coas dilacións para o establecemento do Fondo.

Por outro lado, consideramos un avance a incorporación da comunidade científica dentro da composición da Comisión de Seguimento, un órgano que tamén debера descentralizarse do mesmo xeito que reclamamos se faga na estrutura orgánica da xestión do Fondo. Porén, non se establece que actividade se encomenda a esta Comisión, cuestión que debера ser corrixida, para atribuírlles a redacción de memorias anuais sobre a actividade do Fondo, recomendacións ou mesmo a posibilidade de que actúe como mediación previa á vía xudicial.

No referente ao Anexo I cabe destacar que se trata dunha relación moi restritiva que non incorpora todas as enfermidades e patoloxías relacionadas coa exposición ao amianto. Así, por exemplo, falta a fibrose e as placas pleurais (que si son obxecto de indemnización noutros Estados como o Reino Unido) ou a asbestose sen repercusión. Ademais carece de perspectiva de xénero pois obvia a posibilidade de existiren patoloxías exclusivas das mulleres, como son o cancro de útero derivado da exposición ao amianto, que xa está recoñecido tamén noutros países europeos.

En conclusión, de manterse o contido proposto a finalidade que debера ter o Fondo, de servir de alternativa á vía xudicial para todas as persoas afectadas desaparece e non permitiría reparar o dano na súa integridade.



Por todo o exposto anteriormente, o BNG presenta a seguinte Proposición non de Lei:

“O Congreso dos Deputados insta o Goberno do Estado a axilizar a tramitación do necesario Regulamento que desenvolve a Lei 21/2022, de 19 de outubro, de creación dun Fondo de Compensación para as Vítimas do Amianto e a que modifique a proposta feita pública nos seguintes termos:

- 1. Ampliar as patoloxías do anexo I incluíndo o cancro de útero, a fibrose, as placas pleurais e a asbestose sen repercusión.*
- 2. Ampliar as patoloxías para ser persoa beneficiaria pola vía do artigo 3.c) a todas as do anexo I reformado, así como eliminar o requisito de estar inscrita no RETEA.*
- 3. Dotar ao Fondo dunha estrutura descentralizada resolvéndose as solicitudes ao Fondo desde organismos de carácter provincial.*
- 4. Estabelecer que a Xurisdición social será a competente para coñecer en vía xudicial dos recursos presentados contra as resolucións do Fondo así como de calquera outro asunto relacionado.*
- 5. Prever a constitución de Comisións de Seguimento a nivel autonómico con idéntica composición que a comisión estatal mais reservando 4 dos 8 postos adxudicados á Administración Xeral do Estado para a administración autonómica que, así mesmo, nomeará ás persoas representantes da comunidade científica. A representación das organizacións patronais e sindicais entenderanse referidas ao ámbito autonómico correspondente e os postos reservados para a Federación de vítimas entenderase referida ás asociacións de vítimas con máis implantación no territorio da Comunidade Autónoma. Estas comisións poderán realizar funcións de intermediación previa á vía xudicial, elaboración de memorias, informes ou recomendacións e, así mesmo, dotaranse dun regulamento de funcionamento propio.*



6. *As compensacións económicas calcularanse como promedio do que veñen decretando os xulgados e tribunais para cada unha das patoloxías nos últimos 24 meses antes da entrada en vigor do Regulamento.*
7. *Unha mesma persoa poderá ser beneficiaria de máis de unha compensación aplicando os criterios xudiciais vixentes a este respecto.*
8. *As compensacións económicas percibidas polas persoas beneficiarias estarán exentas de tributación.*
9. *A resolución favorábel da solicitude por parte do Fondo dará lugar ao dereito ao recargo de prestacións.”*

En Madrid, a 11 de abril de 2024

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG

Portavoz Adxunto do GP Mixto



A LA MESA DEL CONGRESO DE LOS DIPUTADOS

El GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, a instancia del diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, NÉSTOR REGO CANDAMIL, al amparo de lo dispuesto en el artículo 193 y siguientes del vigente Reglamento de la Cámara, presenta la siguiente **PROPOSICIÓN NO DE LEY sobre la puesta en funcionamiento del Reglamento del Fondo de Compensación de las Víctimas del Amianto y la necesaria modificación de la propuesta hecha pública por el Gobierno** para su debate en la **COMISIÓN DE TRABAJO, ECONOMÍA SOCIAL, INCLUSIÓN, SEGURIDAD SOCIAL Y MIGRACIONES**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

La Ley 21/2022, de 19 de octubre, de creación de un Fondo de Compensación para las Víctimas del Amianto prevé en su Disposición Adicional Única la aprobación de un reglamento de desarrollo en el plazo de tres meses desde la publicación de la norma, hecho que tuvo lugar el 20 de octubre de 2022.

Está, por lo tanto, a punto de cumplirse un año y medio desde la publicación de la Ley y el Reglamento aún no existe. Para el BNG resulta injustificable una demora semejante que, además, viene a añadirse a un proceso legislativo artificiosamente prolongado retrasando cada uno de los sucesivos trámites. Tenemos que recordar que el proyecto de ley fue tomado en consideración por segunda vez en el Congreso de los diputados el 13 de abril del año 2021 y que el período para la presentación de enmiendas en comisión fue prorrogado



nada menos que 20 veces por la Mesa del Congreso de la anterior legislatura, antes de la aprobación final de la Ley.

Hace unos meses, aún en la XIV legislatura, el Gobierno hizo público un borrador o propuesta de Reglamento que, aunque necesario y urgente, de aprobarse en esos términos el Fondo de compensación quedaría muy lejos de cumplir los objetivos y las expectativas de todas las entidades, sindicatos y partidos políticos que hemos defendido su creación, una demanda que nace con un espíritu y unos objetivos muy determinados, así como también, con unas referencias internacionales también muy claras.

Desde el BNG hemos analizado la propuesta de Reglamento elaborada por el Gobierno estatal, realizando consultas con diferentes personas expertas en la materia, así como con la asociación AGAVIDA y el sindicato CIG. El resultado de este trabajo es una serie de propuestas para modificar el borrador de Reglamento que consideramos mejorarían la norma notablemente y que deberían contar con el respaldo del conjunto de fuerzas políticas para lograr una norma que realmente atienda al conjunto de las víctimas del amianto.

En primer lugar, en el artículo 2 se establece la naturaleza jurídica de la compensación, sin embargo, este precepto no supone que se considere exenta de tributación, cuestión que precisaría de la modificación de la normativa tributaria para lo cual es necesaria una norma con rango de ley.

Además, en este mismo artículo se prevé la percepción por una sola vez de la compensación del Fondo por los daños producidos sobre la salud, una cuestión que se vuelve a reiterar en el artículo 3.3. Este es, a nuestro juicio, uno de los grandes problemas del borrador, pues la enfermedad evoluciona y debería preverse, explícitamente, la posibilidad de poder percibir diferentes indemnizaciones para cada patología, e incluso, para el caso de los herederos, por ejemplo, prever otros hechos susceptibles de ser indemnizados como el daño moral y la pérdida de rentas que se producen con el fallecimiento del familiar enfermo. Es más, en este sentido las sentencias judiciales son claras y abalan esta tesis.



El artículo 3.1.b) de la propuesta de Reglamento establece que el período de cómputo de los años de prescripción (también en el artículo 4) comience a contar desde la fecha del auto de insolvencia, criterio que puede dejar fuera del ámbito del fondo a muchas personas. Entendemos que sería más lógico y, desde luego beneficioso, que el plazo para reclamar ante el fondo comience a contar con la efectiva entrada en funcionamiento del mecanismo, momento en que será realmente posible que una persona presente a solicitud.

Asimismo, este artículo 3 nos sus apartados a) y b) limita el acceso al fondo a aquellas personas que ya disponen de un reconocimiento administrativo o judicial de una pensión por las patologías recogidas en el Anexo I o de una indemnización por las mismas patologías que no hubiera podido ser ejecutada. Por lo tanto, el apartado c) sería la única puerta de acceso al Fondo para el resto de personas que no cuenten con ese reconocimiento. El problema principal es que en este caso no se hace referencia al conjunto de las patologías del anexo, sino que se limita a los casos de mesotelioma o asbestosis con una repercusión moderada o severa. No consideramos que exista justificación alguna para establecer una relación de patologías más restrictiva que las de los supuestos a) y b), más cuando la relación recogida en el anexo ya es de por sí restrictiva y debiera ser ampliada.

El apartado c) también obliga a que la persona trabajadora conste previamente inscrita en el RETEA (Registro de Trabajadores/as Expuestos al Amianto) o equivalentes, requisito que también es sumamente restrictivo y que dejaría fuera, por ejemplo, a todo el personal de las compañías auxiliares de Navantia, de la marina mercante, ejército, personas funcionarias o autónomas. Pensemos, por ejemplo y a título ilustrativo, del reciente caso de un funcionario del Ayuntamiento de Ortigueira que consiguió el reconocimiento judicial del origen laboral de su dolencia con la correspondiente indemnización, al demostrar su exposición al amianto en las numerosas obras en tejados en las que practicó, reiteradamente, operaciones de corte de uralitas.

El origen laboral de la dolencia debe poder acreditarse de otras maneras, cuando menos por aquellos que están siendo aceptadas en los procesos



judiciales, actividades recogidas en el cuadro de enfermedades profesionales, testigos, etc. No tiene sentido hacer cómo si no existiera en esta altura una abundante jurisprudencia a este respecto en los Tribunales Superiores de Justicia.

En lo relativo al procedimiento y estructura administrativo sería necesario promover una estructura descentralizada y especializada para asegurar una atención adecuada a las personas víctimas del amianto. En esta línea, consideramos oportuna la creación de organismos de valoración propios y diferentes de los EVIs en el artículo 6. El hecho de que sean las consellerías las que deban emitir una certificación va también en esta línea, sin embargo, a continuación, vuelve a centralizarse el procedimiento remitiendo todo a la Dirección General del INSS. Parece que el borrador se inspire en el funcionamiento del FOGASA para, por ejemplo, topar las compensaciones impidiendo la asunción de las cantidades declaradas judicialmente, pero por el contrario establece una estructura mucho más centralizada que este, pues el FOGASA cuenta con unidades periféricas provinciales que son las que resuelven las solicitudes.

Por su parte, el artículo 10 reitera que, en el caso de sufrir varias patologías, se indemnizará solo una, aplicando para eso el baremo de la de mayor gravedad. Esto resulta extremadamente grave y evidencia una gran ignorancia sobre la realidad de la enfermedad, de sus consecuencias familiares y sociales, así como del importante histórico de resoluciones judiciales a este respecto.

Además, en el artículo 11.3 se remite la impugnación de las resoluciones al ámbito administrativo y, por lo tanto, a la jurisdicción contencioso-administrativa, lo que no se sostiene, pues entendemos que las reclamaciones en esta materia deberían mantenerse en el ámbito de lo social, sobre todo cuando las sentencias declarativas de indemnizaciones seguirán dándose en la jurisdicción social.

Lo más seguro es que las personas que accedan al fondo por la vía del artículo 3.1 apartado a) o b) no tengan más problemas que los derivados de la correcta realización de los trámites, pero aquellas que lo hagan a través del apartado c)



sí que tienen muchas posibilidades de encontrar problemas de fondo, puede ser, por ejemplo, habitual que no se les reconozca el origen laboral de la dolencia que padecen en cualquiera de los puntos de la tramitación, es decir, tanto en la resolución final como en una fase anterior, decisión que debe ser recurrida. Lo lógico es mantener sobre estas cuestiones la jurisdicción social pues la contencioso-administrativa es completamente ajena a la problemática de la que tendría que entrar a conocer. Se debería mantener una fórmula semejante a la del FOGASA, en que las resoluciones son impugnadas también ante la jurisdicción del social.

Asimismo, nos parece absolutamente inaceptable lo propuesto en el artículo 12 que establece topes a las indemnizaciones declaradas judicialmente y consideramos que no se pueden reducir las cantidades establecidas en concepto de responsabilidad civil por daños contra la salud de las personas. Mucho más si entramos a valorar el retraso o tardanza de las administraciones en esta materia, primero para prohibir el uso y establecer normas de seguridad en la manipulación o por la falta de actividad inspectora y ahora con las dilaciones para el establecimiento del Fondo.

Por otro lado, consideramos un avance la incorporación de la comunidad científica dentro de la composición de la Comisión de Seguimiento, un órgano que también debería descentralizarse al igual que reclamamos que se haga en la estructura orgánica de gestión del Fondo. Sin embargo, no se establece que actividad se encomienda a esta Comisión, cuestión que debería ser corregida, para atribuirles la redacción de memorias anuales sobre la actividad del Fondo, recomendaciones o incluso la posibilidad de que actúe como mediación previa a la vía judicial.

En lo referente al Anexo I cabe destacar que se trata de una relación muy restrictiva que no incorpora todas las enfermedades y patologías relacionadas con la exposición al amianto. Así, por ejemplo, falta la fibrosis y las placas pleurales (que sí son objeto de indemnización en otros Estados como el Reino Unido) o la asbestosis sin repercusión. Además carece de perspectiva de género, pues obvia la posibilidad de que existen patologías exclusivas de las



mujeres, como son el cáncer de útero derivado de la exposición al amianto, que ya está reconocido también en otros países europeos.

En conclusión, de mantenerse el contenido propuesto la finalidad que debería tener el Fondo, de servir de alternativa a la vía judicial para todas las personas afectadas desaparece y no permitiría reparar el daño en su integridad.

Por todo lo expuesto anteriormente, el BNG presenta la siguiente Proposición no de Ley:

“El Congreso de los Diputados insta al Gobierno del Estado a agilizar la tramitación del necesario Reglamento que desarrolla la Ley 21/2022, de 19 de octubre, de creación de un Fondo de Compensación para las Víctimas del Amianto y a que modifique la propuesta hecha pública en los siguientes términos:

- 1. Ampliar las patologías del anexo I incluyendo el cáncer de útero, la fibrosis, las placas pleurales y la asbestosis sin repercusión.*
- 2. Ampliar las patologías para ser persona beneficiaria por la vía del artículo 3.c) a todas las del anexo I reformado, así como eliminar el requisito de estar inscrita en el RETEA.*
- 3. Dotar al Fondo de una estructura descentralizada resolviéndose las solicitudes al Fondo desde organismos de carácter provincial.*
- 4. Establecer que la Jurisdicción social será la competente para conocer en vía judicial de los recursos presentados contra las resoluciones del Fondo así como de cualquier otro asunto relacionado.*
- 5. Prever la constitución de Comisiones de Seguimiento a nivel autonómico con idéntica composición que la comisión estatal pero reservando 4 de los 8 puestos adjudicados a la Administración General del Estado para la administración autonómica que, asimismo, nombrará a las personas representantes de la comunidad científica. La representación de las*



organizaciones patronales y sindicales se entenderán referidas al ámbito autonómico correspondiente y los puestos reservados para la Federación de víctimas se entenderá referida a las asociaciones de víctimas con más implantación en el territorio de la Comunidad Autónoma. Estas comisiones podrán realizar funciones de intermediación previa a la vía judicial, elaboración de memorias, informes o recomendaciones y, asimismo, se dotarán de un reglamento de funcionamiento propio.

- 6. Las compensaciones económicas se calcularán cómo promedio del que vienen decretando los juzgados y tribunales para cada una de las patologías nos últimos 24 meses antes de la entrada en vigor del reglamento.*
- 7. Una misma persona podrá ser beneficiaria de más de una compensación aplicando los criterios judiciales vigentes a este respeto.*
- 8. Las compensaciones económicas percibidas por las personas beneficiarias estarán exentas de tributación.*
- 9. La resolución favorable de la solicitud por parte del Fondo dará lugar al derecho al recargo de prestaciones.*

En Madrid, a 11 de abril de 2024

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG

Portavoz Adjunto del GP Mixto